

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de xaneiro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trece de xaneiro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, a interventora xeral por delegación, Sra. Hernández Vidal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(8).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións extraordinarias e urxentes do 27, 28 e 29 de decembro e da sesión ordinaria do 30 de decembro de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(9).- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPORTO POR OUTSOURCING SIGNO SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE S.L.U. EXPTE. 2054/321.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.12.11, conformado pola concelleira delegada de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Prego de prescricións administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de atención telefónica 010 (PCAP).*

ANTECEDENTES

A Mesa de contratación, na súa sesión de data 16 de novembro de 2011, acordou “Excluír a proposta presentada por OUTSOURCING SIGNO SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE, S.L.U., do procedemento aberto para a contratación do servizo de atención telefónica 010 (expediente 2054-321) por non aportar xunto coa proposta económica o desglose presupostario do servizo esixido nas FEC do contrato e na cláusula 12.c do prego de cláusulas administrativas particulares”. Resolución que lle foi notificada en data 19 de novembro de 2011.

D. Jesús Javier Carrasco Castillo, en nome e representación de OUTSOURCING SIGNO SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE, S.L.U, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 7 de decembro de 2011, formula recurso especial en materia de contratación contra esta exclusión.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- É obxecto da presente impugnación o acordo de exclusión adoptado pola mesa de contratación do Concello de Vigo no curso do procedemento aberto para a contratación do servizo de atención telefónica 010, na sesión celebrada o día 16 de novembro de 2011. A exclusión fundamentase no feito de non achegar o desglose presupostario do servizo xunto coa proposta económica no sobre C, tal e como esixe a cláusula 7.C das Follas de características do contrato (FEC) incluídas no Anexo II do PCAP en relación coa cláusula 12.c) do PCAP.

Segundo.- A lexislación de contratos regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe os recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada, contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía igual ou superior a 193.000 euros (suposto no que pode encadrarse o presente procedemento, que pertence a categoría 27 “outros servizos” e o seu importe é de 771.742 euros) ou contratos de xestión de servizos públicos nos que o orzamento de gastos de

primeiro establecemento sexa superior a 500.000 euros e o prazo de duración superior a cinco anos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 310.6 LCSP).

Terceiro.- É preciso, en primeiro lugar, analizar si concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo.

En canto os requisitos obxectivos, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos citados no parágrafo anterior (artigo 310.2 LCSP):

- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación,*
- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Consideraranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.*
- Os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores.*

Así, a impugnación do acordo de exclusión do recorrente é un acto susceptible deste recurso.

En relación ós requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ás persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso (artigo 312 LCSP). O recorrente, OUTSOURCING SIGNO SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE, S.L.U., posúe lexitimación activa por ter sido admitido como licitador no procedemento de referencia e posteriormente resultar excluído.

Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especificar o acto do procedemento que vaia ser obxecto do mesmo, e se presentará ante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 314.1 LCSP). Este escrito presentouse no Rexistro Xeral en data 12 de decembro de 2011.

O escrito de interposición do recurso deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 314.3 LCSP). No mesmo farase constar o acto recorrido, o motivo que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente e, no seu caso, as medidas provisionais, cuxa adopción solicite (artigo 314.4 LCSP) e deberá acompañarse da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.*
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por haberlla transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.*
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que recaia ou do xornal oficial ou perfil de contratante en que se publicou.*
- O documento ou documentos en que funde o seu dereito.*

- O xustificante de dar cumprimento ó establecido no apartado 1 deste artigo.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado por OUTSOURCING SIGNO SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE, S.L.U.

Por último, respecto os requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado. Neste mesmo prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso (artigo 314.1 e 2 LCSP). Dado que a exclusión recorrida lle foi notificada o recorrente en data 19 de novembro de 2011, o cómputo do prazo de interposición comezou o día 21 de novembro, finalizando o día 7 de decembro. En consecuencia, o escrito de recurso presentado en data 7 de decembro do ano en curso foi interposto en prazo.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o fondo do mesmo.

Cuarto.- Interposto o recurso, a lei impón o seu traslado ós restantes interesados, dentro dos cinco días hábiles seguintes á interposición, concedéndolles un prazo de cinco días hábiles para formular alegacións (artigo 316.3 LCSP). Evacuado este trámite, durante este prazo ningún dos licitadores admitidos neste procedemento formulou alegacións.

Quinto.- OUTSOURCING SIGNO SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE alega, que a mesa de contratación ó excluír a esta mercantil da licitación non interpretou correctamente o prego de cláusulas administrativas que rexe a mesma. En xustificación da súa tese manifesta que a falta de presentación do desglose presupostario é un defecto material subsanable, con apoio en diversos informes da Junta Consultiva de Contratación Administrativa e na xurisprudencia do Tribunal Supremo. Conclúe solicitando que se retrotraia o procedemento ó momento anterior a adxudicación do procedemento aberto para a contratación do servizo de atención telefónica 010.

A nosa lexislación contractual vixente se caracteriza pola prevalencia do principio antiformalista. A regulación da contratación administrativa persegue, entre outros obxectivos, acadar unha eficiente utilización dos fondos destinados á contratación de servizos (artigo 1 LCSP), o que implica a selección da oferta economicamente máis vantaxosa, a cal non pode quedar empeñada pola exclusión dos licitadores por defectos meramente formais. Pois non olvidemos que para acadar este obxectivo e necesario propiciar a maior concorrencia posible de licitadores nos procedementos contractuais promovidos polas administracións públicas, en aras de unha maior competencia.

Neste senso, reiterada xurisprudencia (por todas STS 4839/2004 ditada no recurso 265/2003) determina que “a Administración ante defectos meramente materiais debe procurar a súa subsanación (...) O acto de cualificación de documentos mira a excluír as proposicións dos empresarios que non cumpran os requisitos esenciais e indispensables previstos no prego de cláusulas administrativas, exclusión que, en todo caso, debe responder a criterios obxectivos”.

Na súa función de cualificación da documentación presentada, a mesa de contratación debe outorgar os licitadores a posibilidade de subsanación dos defectos materiais advertidos. Así, no caso que nos ocupa, tivese procedido solicitarlle o recorrente a achega do desglose presupostario do servizo. A falta de aportación do mesmo pode cualificarse como defecto material ó non ser obxecto de valoración. É un dato que se solicita so a efectos meramente informativos para poder determinar a correcta composición do prezo.

Conclúe esta informante que procede a admisión do presente recurso, a estimación das alegacións formuladas e en consecuencia a anulación do acto recorrido.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente recurso no ámbito das Corporacións Locais, será determinada polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación. A falta de previsión expresa na lexislación autonómica, a competencia corresponderá ó mesmo órgano ó que as Comunidades Autónomas en cuxo territorio se integran as Corporacións Locais atribúan a competencia para resolver os recursos do seu ámbito (artigo 311 LCSP). No entanto, a falta deste órgano autonómico, previsto na Lei de acompañamento ós presupostos da comunidade autónoma de Galicia para 2011, pero que aínda no ten sido creado por Decreto do goberno autonómico, no presente caso deberá resolver o recurso á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCS).

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Admitir o recurso especial en materia de contratación interposto por D. Jesús Javier Carrasco Castillo, en nome e representación de OUTSOURCING SIGNO SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE, S.L.U, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 7 de decembro de 2011 .

2º.- Estimar as alegacións formuladas no citado recurso polas razóns expostas no corpo deste escrito (fundamento xurídico quinto).

3º.- Anular o acto recorrido.

4º.- Notificar a presente resolución a todos os licitadores admitidos no procedemento.

5º.- Contra a resolución deste recurso procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 319 LCSP)" .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(10).-ABOAMENTO DAS ASISTENCIAS ÁS SESIÓN DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO (SETEMBRO-DECEMBRO 2011). EXPTE. 13413/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 23.12.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Educación, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aproba-la cantidade de 1.615,68.-€ (MIL SEISCENTOS QUINCE CON SESENTA E OITO EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares, con cargo á Partida Presupostaria 3210.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO M ^a VAZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO A2 (05/09/2011 – 13/12/2011)	17 X 39,78.-€	676,26.-€
Zona 2.- MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ, NIF: 36.000.484-X, GRUPO C (06/09/2011 – 11/10/2011)	3 X 36,72.-€	110,16.-€
Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C (06/09/2011 – 13/12/2011)	15 X 36,72.-€	550,8-€
Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A (02/09/2011 – 29/11/2011)	7 X 39,78.-€	278,46.-€

4(11).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE E O CONCELLO PARA ASISTENCIA SOCIAL INTEGRAL ÁS MULLERES INMIGRANTES A TRAVÉS DUN SERVIZO DE TELETRADUCCIÓN. EXPTE. 5241/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.01.12, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 16.12.11, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a asistencia social integral ás mulleres inmigrantes a través dun servizo de teletraducción”.

2º.- Aprobar o texto, que de seguido se dí:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE _____ PARA A ASISTENCIA SOCIAL INTEGRAL Á MULLERES INMIGRANTES A TRAVÉS DE UN SERVIZO DE TELETRADUCCIÓN.

Lugar _____, data _____

REUNIDAS

DUNHA PARTE: Dona Susana López Abella, secretaria xeral da Igualdade, que actúa en nome e representación desta Secretaría, segundo o Decreto 206/2009, do 23 de abril, polo que se dispón o seu nomeamento, e o Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa existente en materia de muller, ademais do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 215/2010, do 16 de decembro.

E DOUTRA: Don/Dona _____, Alcalde/Alcaldesa-Presidente/Presidenta do Excmo. Concello de _____, que atúa en nome e representación do mesmo, segundo o dispón o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas as dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

MANIFESTAN

I.- Que á Secretaría xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, lle corresponde entre outras, funcións de propondor medidas, programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, incrementando a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural, segundo o disposto no Decreto 325/2009, do 18 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 215/2010, do 16 de decembro.

II Que é unha realidade cada vez máis palpable que a diversificación emerxente na poboación, debido ao aumento da inmigración, xera unha demanda asistencial cun problema común: o descoñecemento do idioma galego ou español;

III.- Que entre as competencias das Corporacións Locais encóntrase expresamente recollidas no artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade, así como a participación na formación de activos e desempregados.

IV.- Que a Secretaría xeral da Igualdade, dende agosto de 2010, presta atención en 51 idiomas ás mulleres inmigrantes residentes en Galicia, a través do teléfono de información ás mulleres 900 400 273, así como a través do Centro de Emerxencia para mulleres Víctimas de Violencia de Xénero de Vigo, de xestión autonómica, mediante un servizo de teletradución que permite durante os 356 días do ano, as 24 horas, ás mulleres que teñan como idioma os seguintes: inglés, francés, alemán, árabe, romanés e chino, e atender os 365 días do ano en horario de 8h a 18h de luns a venres ás mulleres que teñan como idioma calquera dos seguintes: italiano, finés, holandés, urdu, portugués, grego, húngaro, catalán, xaponés, turco, búlgaro, armenio, ruso, ucraniano, brasileiro, mandinca, polaco, tailandés, cantonés, afgano, farsi, esloveno, eslovaco, albanés, bambara, wolof, euskera, bereber, suniki, lituano, danés, bosnio, noruegués, hindi, serv-crota, taiwanés, checo, poular, coreano, georgiano, persa e sirio.

V.- Que coa finalidade de estender a dita atención en 51 idiomas a todos os Centros de Información ás Mulleres (CIM) de titularidade municipal existentes en Galicia, así como aos centros/vivendas de acollida para mulleres vítimas da violencia de xénero, considérase oportuno asinar un convenio de colaboración co concello de _____, titular dun CIM e que manifestou o seu acordo para dispor do servizo de teletradución.

VI.- Por todo o indicado, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

Constitúe o obxecto deste acordo o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Secretaría xeral da Igualdade e o Concello de _____, para facer efectiva a asistencia social integral á mulleres inmigrantes, a través de un servizo de teletraducción, coa finalidade de conseguir unha correcta asistencia a estas mulleres, ofrecendo a posibilidade de que a persoa usuaria e a profesional que a atende no Centro de Información ás Mulleres e, se é o caso, no centro/vivenda de acollida para mulleres vítimas da violencia de xénero, poidan manter unha conversa sen ningún tipo de barreira lingüística, minimizando a ansiedade e o estrés que se produce pola falta de entendemento, ademais de mellorar a calidade da asistencia ás persoas estranxeiras, independentemente da súa orixe e idioma de expresión.

SEGUNDA.-Compromisos das partes.

A Secretaría xeral da Igualdade comprométese a facilitar ao Concello de _____ os medios precisos para unha axeitada atención no seu idioma ás mulleres inmigrantes usuarias do CIM, e se é o caso, do centro/vivenda de acollida para mulleres vítimas da violencia de xénero, a través da tecnoloxía precisa para a utilización do servizo de teletradución, así como a información precisa para a súa utilización. A estes efectos, a Secretaría xeral da Igualdade xa ten contratado con anterioridade á subscripción do presente convenio de colaboración, un servizo de teletradución a 51 idiomas, que ata este momento unicamente está a ser utilizado a través do teléfono de información ás mulleres, estendéndose coa sinatura deste convenio, o seu uso aos Centros de Información ás Mulleres e aos centros/vivendas de acollida para mulleres vítimas da violencia de xénero dependentes das entidades locais que manifestaron o seu interese en adherirse a esta iniciativa. O Concello de _____ comprométese a mellorar a eficacia dos servizos que presta a través do Centro de Información ás Mulleres e, se é o caso, no centro/vivenda de acollida para mulleres vítimas da violencia de xénero, mediante a utilización do servizo de teletradución que permita atender ás usuarias do CIM no seu propio idioma, así como a facer un uso axeitado do dito servizo, referenciado exclusivamente á mellora da comunicación coas mulleres inmigrantes que son directamente usuarias do Centro de Información ás Mulleres do concello, e, se é o caso, do centro/vivenda de acollida para mulleres vítimas da violencia de xénero.

TERCEIRA.- Financiamento.

O custo da execución das actividades de asistencia social integral ás mulleres inmigrantes, a través de un servizo de teletradución, será asumida polas partes asinantes, segundo os compromisos establecidos por cada unha das partes na cláusula segunda, sen que exista, ao abeiro do presente acordo, achega económica a favor de ningunha das partes.

CUARTA.-Duración.

O presente acordo producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o cumprimento do seu obxecto e, en calquera caso, ata o 31 de agosto de 2012.

QUINTA.-Causas de extinción.

Será causa de extinción deste acordo o cumprimento do obxecto deste, a súa resolución e a súa denuncia expresa.

SEXTA.- Comisión mixta de seguimento, control e avaliación do acordo.

Para o seguimento e interpretación do presente acordo créase unha comisión mixta que estará integrada polas persoas representantes que designe cada unha das partes. A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Seguimento e control do desenvolvemento do presente acordo.*
- b) Interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar da aplicación do presente acordo.*

SÉTIMA.- Publicidade.

En todas as accións, materiais e demais documentación que se derive da execución do proxecto, deberá incorporarse de forma visible o logotipo do Fondo Social Europeo(FSE), que levará debaixo a seguinte inscrición "O FSE inviste no teu futuro", así como tamén os logotipos do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade e da Xunta de Galicia.

Así mesmo, e para calquera medio de difusión que se utilice, deberase coidar a linguaxe de forma que se garanta a igualdade entre mulleres e homes.

E, en proba de conformidade cos termos do acordo, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado e a un só efecto, no lugar e data arriba indicados.

A SECRETARIA XERAL DA
IGUALDADE

O ALCALDE/ESA-PRESIDENTE/A DO
CONCELLO DE _____

Susana López Abella”

5(12).-ABOAMENTO Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO INMOBLE DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14 DAS COTAS DE COMUNIDADE CORRESPONDENTES A INMOBLES DE PROPIEDAD MUNICIPAL (OUTUBRO-DECEMBRO 2011). EXPTE. 19381/240.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Especial, do 26.12.11, conformado pola concelleira de Patrimonio, a xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

1. Clara Villar Vazquez con número de colexio 4-1225, en nome e representación da xestora de Comunidades e Administradora de Fincas, AFIP, Administración de Fincas y Patrimonio, solicita o abono á Comunidade de Propietarios do Inmable da rúa República Argentina nº 12-14 con NIF H 36873024, da cantidade adebedada en concepto de “cotas de propietarios” correspondente aos meses de outubro a decembro de 2011, por un importe total de 5.254,32 euros.

2. O Concello de Vigo fixo efectivo no presente exercizo o pagamento das cotas correspondentes ao último trimestre do 2010 e os tres primeiros trimestres do 2011 segundo o seguinte detalle:

Período	Importe	Data de pagamento
Outubro-Decembro 2010	5.254,32 €	03/03/11
Xaneiro-Marzo 2011	5.254,32 €	31/03/11
Abril-Xuño 2011	5.254,32 €	06/09/11
Xullo-Setembro 2011	5.254,32 €	11/11/11

3. A Comunidade de propietarios en sesión celebrada o 9 de marzo de 2011 adoptou, entre outros acordos, manter as cotas no exercizo 2011.

Fundamentación xurídica:

1. O Concello de Vigo é propietario de distintos inmobles sitos na Rúa República Argentina nº 12 e 14.

2. O Concello de Vigo está obrigado a facer fronte ao pagamento das cotas anteriormente mencionadas pola súa condición de propietario.

3. O estado actual das débedas anteriormente mencionadas é o seguinte:

<i>Período</i>	<i>Importe</i>	<i>Data de pagamento</i>
<i>Outubro-December 2010</i>	<i>5.254,32 €</i>	<i>03/03/11</i>
<i>Xaneiro-Marzo 2011</i>	<i>5.254,32 €</i>	<i>31/03/11</i>
<i>Abril-Xuño 2011</i>	<i>5.254,32 €</i>	<i>06/09/11</i>
<i>Xullo-Setembro 2011</i>	<i>5.254,32 €</i>	<i>11/11/11</i>

Documentación achegada:

No presente expediente figura, entre outras, a seguinte documentación:

- Copia da acta da Xunta Xeral Ordinaria do 9 de marzo de 2011 onde se acorda manter a cota para o exercizo 2011.

Visto ó anterior, propónse a XGL, previo informe da Intervención Xeral, o funcionario que subscribe PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

A C O R D O

Autorizar un gasto de 5.254,32€ con cargo á aplicación orzamentaria 9220.2120005.

Dispoñer un gasto de 5.254,32€ con cargo á aplicación orzamentaria 9220.2120005 a favor da Comunidade de Propietarios República Argentina nº 12-14 con NIF H36873024 en concepto de cotas pendentes correspondente aos meses de outubro a decembro de 2011.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(13).-ABOAMENTO Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO INMOBLE DA RÚA CALDAS DE REIS Nº 1 DAS COTAS DE COMUNIDADE ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS CORRESPONDENTES A INMOBLES DE PROPIEDAD MUNICIPAL (PERÍODOS DE 2010 E DE 2011). EXPTE. 19235/240.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Especial, do 28.12.11, conformado pola concelleira de Patrimonio, a xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

1. O 2 de novembro de 2010 o xefe da Área de Benestar Social informa que o Concello de Vigo solicitou o 5 de febreiro de 2011 a prórroga da ocupación temporal do inmovible sito no 2º A da Rúa Caldas de Reis nº 1 por un período de dous anos.

2. O IGVS comunicou o 12 de marzo de 2010 a dita prórroga ata o momento que se produza a cesión gratuíta das vivendas de San Paio de Navia.

3. No citado informe o xefe de Área informa que procede o pagamento das obrigas económicas derivadas de dita utilización da vivenda, tal e como establece o acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de xullo de 2008.

4. A Comunidade de propietarios na sesión celebrada o 4 de febreiro de 2011 adoptou, entre outros, o acordo de manter as cotas mensuais ordinarias no exercizo 2011 en 50 euros

5. O 15 de xuño de 2010 o Concello fixo efectivo o pagamento correspondente as cotas da dita comunidade do período comprendido entre xullo de 2008 e xullo de 2010 polo que queda pendente de pagamento ata o 31 de decembro de 2011 as cotas que se sinalan a continuación:

Período	Importe mensual	Total
Xullo 2010- Decembro 2010 Ordinaria	50,00 €	(7*50)= 350€
Outubro 2010 a Decembro de 2010 Extra selector parada	10,00 €	(3*10)= 30€
Xaneiro 2011 a Decembro 2011	50,00 €	(12*50)= 600€
Xaneiro 2011 a Febreiro 2011 Extra selector parada	10,00 €	(2*10)= 20€
Total		1.000,00 €

Fundamentación xurídica:

1. O Concello de Vigo está obrigado a facer fronte ao pagamento das cotas anteriormente mencionadas en virtude da aceptación da ocupación temporal do inmovible sito no 2º A da Rúa Caldas de Reis nº 1.

3. O estado actual das débedas anteriormente mencionadas é o seguinte:

Período	Importe mensual	Total
Xullo 2010- Decembro 2010 Ordinaria	50,00 €	(7*50)= 350€
Outubro 2010 a Decembro de 2010 Extra selector parada	10,00 €	(3*10)= 30€
Xaneiro 2011 a Decembro 2011	50,00 €	(12*50)= 600€
Xaneiro 2011 a Febreiro 2011 Extra selector parada	10,00 €	(2*10)= 20€
Total		1.000,00 €

Documentación achegada:

No presente expediente figura, entre outras, a seguinte documentación:

- Copia da acta da Xunta Xeral Ordinaria do 22 de febreiro de 2011 onde se acorda manter a cota mensual para o exercizo 2011 en 50 euros e se actualiza o importe pendente de pagamento dos propietarios debedores.

- Informe do xefe da Área de Benestar Social no que se comunica a obriga de facer fronte as cargas económicas derivadas da utilización do inmovible sito no 2º A da Rúa Caldas de Reis nº 1.

Visto ó anterior, propónse a XGL, previo informe da Intervención Xeral, o funcionario que subscribe PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

A C O R D O

Autorizar un gasto de 1.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 9220.2120005.

Dispoñer un gasto de 1.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 9220.2120005 a favor da Comunidade de Propietarios Caldas de Reis nº 1 con NIF H36691129 en concepto de cotas pendentes correspondente a parte o exercizo 2010 e a totalidade do 2011.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(18).-RECURSO DE ALZADA PRESENTADO POR D. LUIS FRAMIL BARREIRO CONTRA PRAZA OFICIAL CARPINTEIRO (OEP 2008). EXPTE. 22661/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 30.12.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES DE FEITO:

En data 17 de outubro de 2011 tivo lugar a realización do segundo exercicio do proceso selectivo para a contratación como persoal laboral fixo dun oficial carpinteiro, proba de tipo práctico que consistiu no seguinte: marcar unha porta de 2.00 x 0,70 metros, con tres travesas (o de arriba e o do medio de 11 cm de ancho e o de abaixo de 20 cm de ancho) e con uns largueiros de 11 cms de ancho, entrepañada con canal e moldura emboquillada pola cara dereita. Avances de canal e moldura de 2 cms. Unha vez finalizado o exercicio, o tribunal acordou proceder a súa corrección, publicándose as cualificacións dos aspirantes ese mesmo día no Taboleiro de Anuncios deste Concello e na Páxina Web Municipal.

D. Luís Framil Barreiro, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste concello de 22 de outubro de 2011, solicitou a revisión do seu exame. A mesma tivo lugar na presenza do opositor o día 27 de outubro de 2011. A continuación o órgano de selección, tras deliberar, acordou manter a cualificación de non apto do reclamante. Acordo que lle foi notificado en data 7 de novembro de 2011.

D. Luís Framil Barreiro, mediante escrito con data de entrada no rexistro xeral deste Concello de 2 de decembro de 2011 interpón recurso de alzada contra a corrección deste segundo exercicio da oposición de oficial carpinteiro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- É obxecto da presente impugnación o acordo adoptado polo Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas e a proposta de nomeamento como persoal laboral fixo dun oficial carpinteiro incluído na Oferta de Emprego Público correspondente ó ano 2008, na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2011, fixando a puntuación correspondente o segundo exercicio do citado proceso selectivo.

SEGUNDO.- O recurso de alzada é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra determinados actos de trámite cualificados (artigo 110 LRJAP). É preciso, en primeiro lugar, analizar si concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo.

Respecto os requisitos obxectivos, o recurso de alzada procede contra os actos de trámite sempre e cando concorra algún dos seguintes requisitos (artigo 107.1 LRJAP):

- Se deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto.*
- Determinan a imposibilidade de continuar o procedemento.*
- Producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos.*

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 desta Lei.

En canto os requisitos subxectivos, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en alzada, hai que estar as regras xerais en materia de lexitimación. En consecuencia, poderá recorrer en alzada calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polas actos obxecto de recurso (artigo 31 LRJAP). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación ó recorrente por ser un opositor que participa neste proceso selectivo.

Respecto os requisitos formais a lei determina que o recurso poderá interporse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo (artigo 114.2 LRJAP) e esixe que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias (artigo 110.1 LRJAP):

- O nome e apelidos do recorrente, así como a identificación persoal do mesmo.*
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.*
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale a efectos de notificacións.*
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe.*

Circunstancias que concorren no presente caso.

Respecto os requisitos temporais a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de alzada dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 115 LRJAP). Dado que o acordo recorrido lle foi notificado en data 7 de novembro de 2011, a interposición do recurso de alzada en data 2 de decembro de 2011 realizouse en prazo.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o fondo do mesmo.

TERCEIRO.- Con relación a tramitación do recurso a lei se limita a establecer que o órgano que ditou o acto impugnado deberá remitirle ó competente para resolver o seu informe cunha copia completa e ordenada do expediente no prazo de dez días (artigo 114.2 LRJAP).

Así, na acta da sesión de data 14 de decembro de 2011, o órgano de selección elabora o informe que se transcribe a continuación:

“O recorrente se limita a rebater a resolución da súa reclamación contra o segundo exercicio punto por punto. Non alega ningún feito novo. Se limita a expresar a súa opinión persoal sobre o seu exercicio.

As alegacións formuladas este órgano de selección manifesta o seguinte:

Non se pode dar por feito que as pezas están dereitas, é preciso comprobalo e marcar as caras e os cantos, tal e como se lle esixía na proba.

Se ben non se esixía que se marcasen os cocotes o tribunal valorou con máis nota os aspirantes que si os tiñan marcado”.

Con relación á cualificación dos exercicios dunha oposición a xurisprudencia ten fixado a doutrina da discrecionalidade técnica dos Tribunais administrativos designados para valorar os procesos selectivos de oposicións e concursos que impide, tanto á Administración en vía de recurso, como ós Tribunais en vía de revisión xurisdiccional, suplir ou modificar a actividade avaliadora levada a cabo polos mesmos. Como sinala a sentenza do Tribunal Supremo de 10 de outubro de 2000 “a doutrina da discrecionalidade técnica reduce as posibilidades do control de devandita actividade avaliadora a dous supostos básicos: o da inobservancia dos elementos regulados -cando existan-, e o do erro ostensible ou manifesto; e, conseguintemente, deixa fóra dese limitado control posible a aquelas pretensións dos interesados que só postulen unha avaliación alternativa á do órgano cualificador, pero movéndose tamén dentro dese aceptado espazo de libre apreciación, e non estean sustentadas nun posible erro manifesto. En definitiva, necesítase algo máis que unha diverxencia de criterio co sostido polo órgano cualificador e este elemento complementario vén expresado pola quebra do principio de igualdade no trato ou atribución de puntuacións arbitrarias ou desproporcionadas. Igualmente, o Tribunal Constitucional, na súa sentenza 215/1991, sinalou que “a desconformidade co criterio das Comisións avaliadoras só pode producirse cando resulta manifesta a arbitrariedade da adxudicación efectuada e, xa que logo, evidente o descoñecemento do principio de igualdade de mérito e capacidade para o acceso ás funcións públicas consagrado nos artigos 23.2 e 103.2 da Constitución”.

A vista da citada doutrina no presente caso, dado que non consta nin a inobservancia de elementos regrados nin a existencia de erro manifesto que implique a quebra do principio de igualdade no trato ou a atribución de puntuacións arbitrarias ou desproporcionadas, non procede revisar as cualificacións outorgadas polo órgano de selección.

CUARTO.- A resolución do recurso deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas no mesmo ou ben declarar a súa inadmisión (artigo 113.1 LRJAP). O órgano que resolva o recurso decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas

polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 113.3 LRJAP).

Á vista das consideracións formuladas no fundamento xurídico cuarto procede a desestimación das alegacións formuladas polo recorrente.

Quinto.- O órgano competente para a resolución do recurso de alzada é o superior xerárquico do órgano que tivese ditado o acto recorrido (artigo 114.1 LRJAP). Dado que os Tribunais e órganos de selección do persoal ó servizo das Administracións públicas son órganos independentes que carecen de superior xerárquico, se considerarán dependentes do órgano ó que estean adscritos ou, no seu defecto, do que teña nomeado ó presidente dos mesmos. No caso que nos ocupa, o órgano competente para a resolución deste recurso é a Xunta de Goberno local.

En mérito ó exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

"Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Luís Framil Barreiro, mediante escrito con data de entrada no rexistro xeral deste Concello de 2 de decembro de 2011, contra o acordo do Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas e a proposta de nomeamento como persoal laboral fixo dun oficial carpinteiro incluído na Oferta de Emprego Público correspondente ó ano 2008, de data 27 de outubro por canto, polas razóns expostas no fundamento cuarto do presente escrito."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(19).-RECURSO DE ALZADA PRESENTADO POR D. RICARDO SANDE RODRÍGUEZ CONTRA PRAZA OFICIAL CARPINTEIRO (OEP 2008). EXPTE. 22660/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 30.12.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES DE FEITO:

En data 17 de outubro de 2011 tivo lugar a realización do segundo exercicio do proceso selectivo para a contratación como persoal laboral fixo dun oficial carpinteiro, proba de tipo práctico que consistiu no seguinte: marcar unha porta de 2.00 x 0,70 metros, con tres travesas (o de arriba e o do medio de 11 cm de ancho e o de abaixo de 20 cm de ancho) e con uns largueiros de 11 cms de ancho, entrepañada con canal e moldura emboquillada pola cara dereita. Avances de canal e moldura de 2 cms. Unha vez finalizado o exercicio, o

tribunal acordou proceder a súa corrección, publicándose as cualificacións dos aspirantes ese mesmo día no Taboleiro de Anuncios deste Concello e na Páxina Web Municipal.

D. Ricardo Sande Rodríguez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste concello de 21 de outubro de 2011, solicitou a revisión do seu exame na súa presenza. A mesma tivo lugar o día 27 de outubro de 2011. A continuación o órgano de selección, tras deliberar, acordou volver a repetir a votación da puntuación, resultando ser esta de 3,57 puntos, mantendo a cualificación de non apto do reclamante. Acordo que lle foi notificado en data 10 de novembro de 2011.

D. Ricardo Sande Rodríguez, mediante escrito con data de entrada no rexistro xeral deste Concello de 30 de novembro de 2011 interpón recurso de alzada contra a corrección deste segundo exercicio da oposición de oficial carpinteiro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- É obxecto da presente impugnación o acordo adoptado polo Órgano de Selección encargado de vulgar as probas selectivas e a proposta de nomeamento como persoal laboral fixo dun oficial carpinteiro incluído na Oferta de Emprego Público correspondente ó ano 2008, na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2011, fixando a puntuación correspondente o segundo exercicio do citado proceso selectivo.

SEGUNDO.- O recurso de alzada é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra determinados actos de trámite cualificados (artigo 110 LRJAP). É preciso, en primeiro lugar, analizar si concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo. Respecto os requisitos obxectivos, o recurso de alzada procede contra os actos de trámite sempre e cando concorra algún dos seguintes requisitos (artigo 107.1 LRJAP):

- Se deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto.
- Determinan a imposibilidade de continuar o procedemento.
- Producen indefensión ou prexuízo irremediábel a dereitos ou intereses lexítimos.

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 desta Lei.

En canto os requisitos subxectivos, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en alzada, hai que estar as regras xerais en materia de lexitimación. En consecuencia, poderá recorrer en alzada calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polas actos obxecto de recurso (artigo 31 LRJAP). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación ó recorrente por ser un opositor que participa neste proceso selectivo.

Respecto os requisitos formais a lei determina que o recurso poderá interporse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo (artigo 114.2 LRJAP) e esixe que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias (artigo 110.1 LRJAP):

- O nome e apelidos do recorrente, así como a identificación persoal do mesmo.
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.

- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale a efectos de notificacións.
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe.

Circunstancias que concorren no presente caso.

Respecto os requisitos temporais a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de alzada dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 115 LRJAP). Dado que o acordo recorrido lle foi notificado en data 10 de novembro de 2011, a interposición do recurso de alzada en data 30 de novembro de 2011 realizouse en prazo.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o fondo do mesmo.

TERCEIRO.- Con relación a tramitación do recurso a lei se limita a establecer que o órgano que ditou o acto impugnado deberá remitirle ó competente para resolver o seu informe cunha copia completa e ordenada do expediente no prazo de dez días (artigo 114.2 LRJAP).

Así, na acta da sesión de data 14 de decembro de 2011, o órgano de selección elabora o informe que se transcribe a continuación:

“O recorrente alega estar en desacordo coa resolución do órgano de selección resolvendo a reclamación que interpuxo contra a cualificación do segundo exercicio. Considera que marcou todos os largueiros e travesas esixidos na proba e que non sobran trazos, pois todos os marcados representan marcas de carpintería universal indicados nos libros técnicos de carpintería admitidos e utilizados profesionalmente. Por outra banda, manifesta que non está conforme coa transcripción da súa declaración na acta do día 27 de outubro de 2011.

Dado que o opositor non refire feitos novos, senón que as súas alegacións son reiterativas das manifestadas na reclamación formulada contra o segundo exercicio deste proceso selectivo, o Tribunal se ratifica no acordado na sesión de revisión deste e resolución das reclamacións formuladas contra o mesmo, que foi transcrito no punto anterior.

Este tribunal quere aclarar que ó marcar unha porta é práctica común realizar outros trazos que neste caso non foron solicitados expresamente. E se ben a súa falta non implica que se lle desconten puntos da proba realizada, si implican que a súa realización se valora por implicar un maior coñecemento da materia por parte dos opositores.

Respecto a alegación relativa a súa desconformidade coa transcripción da súa declaración na acta do día 27 de outubro de 2011, a secretaria que subscribe manifesta que para transcribir literalmente as súas declaracións sería preciso que as aportase por escrito. Do contrario, na acta se fai unha relación sucinta do alegado por cada un dos intervinientes”.

Con relación á cualificación dos exercicios dunha oposición a xurisprudencia ten fixado a doutrina da discrecionalidade técnica dos Tribunais administrativos designados para valorar os procesos selectivos de oposicións e concursos que impide, tanto á Administración en vía de recurso, como ós Tribunais en vía de revisión xurisdiccional, suplir ou modificar a

actividade avaliadora levada a cabo polos mesmos. Como sinala a sentenza do Tribunal Supremo de 10 de outubro de 2000 "a doutrina da discrecionalidade técnica reduce as posibilidades do control de devandita actividade avaliadora a dous supostos básicos: o da inobservancia dos elementos regulados -cando existan-, e o do erro ostensible ou manifesto; e, conseguintemente, deixa fóra dese limitado control posible a aquelas pretensións dos interesados que só postulen unha avaliación alternativa á do órgano cualificador, pero movéndose tamén dentro dese aceptado espacio de libre apreciación, e non estean sustentadas nun posible erro manifesto. En definitiva, necesítase algo máis que unha diverxencia de criterio co sustido polo órgano cualificador e este elemento complementario vén expresado pola quebra do principio de igualdade no trato ou atribución de puntuacións arbitrarias ou desproporcionadas. Igualmente, o Tribunal Constitucional, na súa sentenza 215/1991, sinalou que "a desconformidade co criterio das Comisións avaliadoras só pode producirse cando resulta manifesta a arbitrariedade da adxudicación efectuada e, xa que logo, evidente o descoñecemento do principio de igualdade de mérito e capacidade para o acceso ás funcións públicas consagrado nos artigos 23.2 e 103.2 da Constitución".

A vista da citada doutrina no presente caso, dado que non consta nin a inobservancia de elementos regrados nin a existencia de erro manifesto que implique a quebra do principio de igualdade no trato ou a atribución de puntuacións arbitrarias ou desproporcionadas, non procede revisar as cualificacións outorgadas polo órgano de selección.

CUARTO.- A resolución do recurso deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas no mesmo ou ben declarar a súa inadmisión (artigo 113.1 LRJAP). O órgano que resolva o recurso decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 113.3 LRJAP).

Á vista das consideracións formuladas no fundamento xurídico cuarto procede a desestimación das alegacións formuladas polo recorrente.

Quinto.- O órgano competente para a resolución do recurso de alzada é o superior xerárquico do órgano que tivese ditado o acto recorrido (artigo 114.1 LRJAP). Dado que os Tribunais e órganos de selección do persoal ó servizo das Administracións públicas son órganos independentes que carecen de superior xerárquico, se considerarán dependentes do órgano ó que estean adscritos ou, no seu defecto, do que teña nomeado ó presidente dos mesmos. No caso que nos ocupa, o órgano competente para a resolución deste recurso é a Xunta de Goberno local.

En mérito ó exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

"Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Ricardo Sande Rodríguez, mediante escrito con data de entrada no rexistro xeral deste Concello de 30 de novembro de 2011, contra o acordo do Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas e a proposta de nomeamento como persoal laboral fixo dun oficial carpinteiro incluído na Oferta de Emprego Público correspondente ó ano 2008, de data 27 de outubro por canto, polas razóns expostas no fundamento cuarto do presente escrito."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(20).-RECURSO DE ALZADA PRESENTADO POR D^a MARÍA NIEVES VILAS PIÑEIRO CONTRA PRAZA ADMINISTRATIVO/A DE ADMÓN. XERAL (OEP 2008). EXPTE. 22651/220.

Dáse conta do informe-proposta do secretario do órgano de selección encargado de xulga-las probas selectivas e da proposta de nomeamento como persoal funcionario de 3 prazas de administrativo/a de Admón. Xeral, do 21.12.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

INFORME:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 9 de setembro de 2011, adoptou acordo sobre aprobación provisional de admitidos e excluídos, designación de membros dos órganos de selección e determinación de lugares e datas de celebración dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, en canto á provisión das prazas de, entre outras, tres prazas de ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, quenda libre.

En data 22 de outubro de 2011 tivo lugar a realización do primeiro exercicio da oposición de Administrativo/a de Administración Xeral, consistente nun exame tipo test de 40 preguntas, con catro respostas alternativas por pregunta.

En data 24 de outubro seguinte procedeuse á corrección dos exames e á cualificación dos mesmos, publicándose as cualificacións obtidas nese mesmo día.

En data 27 de outubro seguinte D^a María Nieves Vilas Piñeiro presentou alegacións ao exercicio teórico.

En sesión celebrada o día 7 de novembro, o Órgano de Selección estudou tódalas alegacións presentadas por distintos aspirantes, resolvendo desestimar tódalas alegacións presentadas contra as distintas preguntas impugnadas.

O devandito acordo foi notificado a tódolos aspirantes que presentaron alegacións, entre os que se atopaba a reclamante.

Se ben é certo que se cometeu un erro na notificación ao facer constar que o seu domicilio atopábase na cidade de "Vigo", sendo devolto polo Servizo de Correos ao ser a dirección incorrecta, este erro foi subsanado posteriormente enviando a notificación a súa dirección correcta na vila de "Cangas". Este segundo envío foi notificado á interesada o día 15 de decembro seguinte.

O artigo 114 da LRXAP e PAC establece que:

"1. As resolucións e actos a que se refire o artigo 107.1, cando no poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada ante o órgano superior xerárquico dp que os ditou. A estes efectos, os Tribunais e órganos de selección de persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outros que, no seo destas, actúen con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano ao que estean adscritos ou, no seu defecto, do que nomeara ao presidente dos mesmos.

2. O recurso poderá interpoñerse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxera ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e unha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto recorrido será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior."

En consecuencia do anterior, o Órgano de Selección encargado de xulga-las probas selectivas e da proposta de nomeamento como persoal funcionario de 3 prazas de ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, incluídos na Oferta de Emprego Pública correspondente ao ano 2008, na súa reunión celebrada o día 21 de decembro de 2011, acordou por unanimidade remitir á Xunta de Goberno Local o seguinte informe-proposta, co seu correspondente acordo, para o seu coñecemento e resolución:

INFORME-PROPOSTA:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP e PAC).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- En data 22 de outubro de 2011 tivo lugar a realización do primeiro exercicio da oposición de Administrativo/a de Administración Xeral, consistente nun exame tipo test de 40 preguntas, con catro respostas alternativas por pregunta.

En data 24 de outubro seguinte procedeuse á corrección dos exames e á cualificación dos mesmos, publicándose as cualificacións obtidas nese mesmo día.

SEGUNDO.- En data 27 de outubro seguinte a reclamante presentou alegacións ao exercicio teórico.

En sesión celebrada o día 7 de novembro, o Órgano de Selección estudou tódalas alegacións presentadas por distintos aspirantes, resolvendo desestimar tódalas alegacións presentadas contra as distintas preguntas impugnadas.

O devandito acordo foi notificado a tódolos aspirantes que presentaron alegacións, entre os que se atopaba a reclamante.

Se ben é certo que se cometeu un erro na notificación ao facer constar que o seu domicilio atopábase na cidade de "Vigo", sendo devolto polo Servizo de Correos ao ser a dirección incorrecta, este erro foi subsanado posteriormente enviando a notificación a súa dirección correcta na vila de "Cangas".

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto por canto faise no tempo e na forma establecidos nos arts. 114 e 115 da LRXAP e PAC.

SEGUNDO.- A recorrente, no seu escrito, basea o seu recurso en que a convocatoria para a realización do segundo exercicio realizouse sen contestar as alegacións presentadas, incumpríndose o previsto no artigo 42 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que no seu número 1 establece que "A Administración está obrigada a ditar resolución expresa en tódolos procedementos e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación."

En canto a este motivo temos que rexeitar o recurso por canto o Órgano de Selección, resolveu desestimar as alegacións presentadas e procedeu a notificar o acordo, acordo que foi notificado á interesada en data 15 de decembro de 2011, e, polo tanto, dentro do prazo de tres meses previsto no número 3 do devandito artigo.

E aínda que a notificación se produce con posterioridade á convocatoria do segundo exercicio da oposición, non se causou ningún prexuízo á reclamante xa que esta non tiña superado o primeiro exercicio e, por tanto, xa estaba eliminada do proceso de selección.

En consecuencia, non se vulnerou o artigo citado.

TERCEIRO.- O artigo 107.1 da LRXAP e PAC establece que contra as resolucións e actos de trámite poderá interporse polos interesados o recurso de alzada, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da devandita Lei.

Non existindo ningún dos motivos sinalados nos devanditos artigos, procede desestimar o recurso de alzada interposto contra a falta de notificación do acordo do Órgano de Selección, adoptado en sesión de data 7 de novembro de 2011, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no art. 107.1 do citado texto legal.

CUARTO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución dos recursos de alzada interpostos contra os acordos do Órgano de Selección.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte ACORDO:

"UNICO: Desestimar o recurso de alzada interposto por D^a María Nieves Vilas Piñeiro, contra a falta de resolución do Órgano de Selección encargado de xulga-las probas selectivas e da proposta de nomeamento como funcionario de carreira de tres prazas de ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, quenda libre, reservándose unha delas para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, ás alegacións presentadas contra o primeiro exercicio da oposición, xa que esta si se produciu e, en consecuencia, non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no art. 107.1 do citado texto legal."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(21).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL RELATIVA Á DECLARACIÓN DA SITUACIÓN DE EXPECTATIVA DE DESTINO DO FUNCIONARIO D. RAFAEL OJEA PÉREZ E ASIGNACIÓN DE FUNCIÓNS AO FUNCIONARIO D. PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS NO SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 22658/220.

Por decreto de data 21 de decembro de 2011, o concelleiro delegado de Xestión Municipal ditou a seguinte resolución:

"En escrito de data 12/12/2011, a Sra. Concelleira-delegada da Área de Educación solicitou a esta Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal que se proporcionen as instrucións oportunas para a iniciación dos procedementos administrativos necesarios para o cambio de adscrición, substitución ou remoción, de ser o caso, do funcionario municipal D. Rafael Ojea Pérez, con nº de persoal 14775, do posto de traballo ao cal figura adscrito (xefe/a do Servizo de Educación) solicitando se lle asigne un novo destino en outro servizo ou unidade administrativa municipal.

Dita petición ven enmarcada na reestruturación organizativa que a citada Concellería-delegada ten prevista, no exercicio das competencias que en canto á dirección, xestión, planificación e coordinación da actuación na área de Educación, co fin de acadar os obxectivos previstos, ostenta por delegación do Alcalde, realizada en Decreto do 13.06.2011, e acordo da Xunta de Goberno Local do 17.06.2011.

Maniféstase igualmente no citado escrito a vontade de que o funcionario indicado continúe facéndose cargo das funcións inherentes á Dirección do organismo autónomo municipal "Escola Municipal de Artes e Oficios" que tiña encomendadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de setembro do 2007, con carácter transitorio e ata tanto non se proceda polo organismo autónomo ao axuste da súa estrutura directiva ao disposto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, dado que o funcionamento do referido organismo non pode nin debe paralizarse.

No Concello de Vigo, a organización interna existente en canto á configuración das prazas no cadro de persoal orzamentario e nas Bases de Execución dos conseguintes orzamentos municipais contempla dende hai tempo que todos os postos de nivel de complemento de destino 26 ou superior estean configurados, en canto ao sistema de provisión, como de libre designación. A ausencia de convocatorias para a provisión dos indicados postos de traballo provoca a cobertura provisional dos mesmos mediante a adscrición provisional, circunstancia esta susceptible de afectar á carreira profesional dos empregados/as públicos.

O Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, contempla no seu artigo 59 a situación de expectativa de destino, establecendo o réxime retributivo dos funcionarios/as declarados na citada situación e o réxime de dereitos e obrigas, así como o prazo máximo de duración da citada situación, concretada nun ano.

Como queira que na vixente relación de postos de traballo municipal (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) non existe posto de traballo vacante, susceptible de asociación á praza do corpo e escala de pertenza do funcionario (Administración Especial, con praza de técnico superior de actividades culturais e educativas, subgrupo A1) que permita o cambio de adscrición do efectivo indicado en condicións de legalidade; e aos efectos de conciliar as demandas da delegada da Área de Educación co dereito á carreira

profesional do efectivo indicado nos termos do disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, resulta necesario o recurso á declaración da situación de expectativa de destino nos termos indicados.

Considerando os mecanismos que en canto á reasignación de efectivos e mobilidade interdepartamental dos mesmos establece a normativa vixente en materia de función pública e xestión de recursos humanos ao servizo das Administracións Públicas (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público e decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo) e no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13.06.2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, así como as que ostento na materia por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de data 17.06.2011,

RESOLVO

"Primeiro.- Declarar na situación administrativa de expectativa de destino prevista no artigo 59 do Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, ao funcionario municipal D. Rafael Ojea Pérez, co nº de persoal 14775, e en consecuencia relevarlle no desempeño das responsabilidades inherentes á xefatura do Servizo de Educación, contempladas nas guías de funcións anexas á Relación de Postos de Traballo municipal, a petición da Concellería-delegada da Área de Educación formulada en escrito de data 12/12/2011 e en base á motivación exposta nos antecedentes.

O indicado efectivo percibirá as retribucións básicas vinculadas á praza de ingreso, o complemento de destino do grao persoal que lle corresponda, e o 80% do complemento específico do posto que desempeñaba ao pasar a esta situación, en atención á carreira profesional consolidada e mellorando os mínimos establecidos no precepto indicado. A tales efectos, as retribucións a percibir na situación administrativa que se declara, nos termos e condicións anteditas, imputaranse ás aplicacións orzamentarias previstas para o posto de traballo de "Xefe/a do Servizo de Educación" e conseguinte praza asociada no Capítulo I de gastos dos vixentes orzamentos municipais.

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 59 do Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, o funcionario declarado na situación administrativa de expectativa de destino quedará obrigado a:

- Aceptar os destinos en postos de características similares aos que desempeñaba que se lle ofrezan na Administración Municipal de Vigo.
- Participar nos concursos para postos adecuados ao seu corpo, escala ou categoría, situados na Administración Municipal de Vigo.
- Participar nos cursos de capacitación a que sexa convocado.

Terceiro.- Dispoñer que no prazo máximo de 6 meses deberá procederse á asignación de un novo posto de traballo ao funcionario municipal D. Rafael Ojea Pérez, momento no cal efectuarase a declaración de cesación da situación administrativa de expectativa de destino. Ao abeiro do artigo 59 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, consígnase que para os restantes efectos esta situación equipárase á de servizo activo, resultando en

consecuencia compatible co desempeño das funcións adecuadas á praza de ingreso do funcionario que puidesen ter sido encomendadas ou susceptibles de selo.

Cuarto.- Acordar que, transitoriamente e namentres non se proceda á asignación de destino ao funcionario municipal D. Rafael Ojea Pérez no prazo de 6 meses, o desempeño das funcións inherentes á xefatura do Servizo de Educación se asignen ao funcionario municipal D. Pedro M^a Vázquez Iglesias, co n^o de persoal 21268, no que resulten propias e adecuadas ao posto de traballo que ocupa (técnico medio de actividades culturais e educativas) segundo a vixente Relación de Postos de Traballo Municipal.

Quinto.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partir do seguinte día ao da súa notificación, déase traslado aos interesados/as, xefes/as das Áreas ou dos servizos correspondentes e concelleiros/as-delegados/as das Áreas afectadas, xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Planificación e Organización, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas), así como ao Comité de Persoal.

Sexto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que pona fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da anterior resolución.

11(22).- RECURSOS DE ALZADA DE D. MANUEL COMESAÑA ARAÚJO E D. GONZALO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ CONTRA PRAZAS AXUDANTE DE OFICIOS (OEP 2008). EXPTE. 22648/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do secretario do Órgano de Selección para o nomeamento dunha praza de axudante de oficios, de data 26.12.11, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 9 de setembro de 2011, adoptou acordo sobre aprobación provisional de admitidos e excluídos, designación de membros dos órganos de selección e determinación de lugares e datas de realización dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, en canto á provisión das prazas de, entre outras, AXUDANTE DE OFICIOS (22 para quenda libre -1 delas para discapacitados- e 5 para promoción interna).

En data 23 de outubro de 2011 tivo lugar a primeira proba do proceso selectivo no Instituto Feiral de Vigo, consistente en contestar por escrito un cuestionario tipo de test de 30 preguntas, máis 4 de reserva.

En data 28 de outubro seguinte reuniuse o Órgano de Selección para proceder á corrección dos exames e á publicación das cualificacións, concedendo un prazo de tres días para

presentar alegacións. Neste prazo foi cando os reclamantes presentaron as súas reclamacións, notificándosele oportunamente o acordo adoptado.

En datas 9 e 22 de decembro seguintes D. Manuel Comesaña Araújo e D. Gonzalo Rodríguez Fernández, respectivamente, presentaron no Rexistro Xeral do Concello recurso de alzada contra o acordo do Órgano de Selección relativo as devanditas alegacións.

O artigo 114 da LRXAP e PAC establece que:

"1. As resolucións e actos a que se refire o artigo 107.1, cando no poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou. A estes efectos, os Tribunais e órganos de selección de persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outros que, no seo destas, actúen con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano ao que estean adscritos ou, no seu defecto, do que nomeara ao presidente dos mesmos.

2. O recurso poderá interpoñerse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxera ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e unha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto recorrido será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior."

En consecuencia do anterior, o Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas e da proposta de nomeamento como persoal laboral de 27 prazas de AXUDANTE DE OFICIOS, incluídos na Oferta de Emprego Pública correspondente ao ano 2008, na súa reunión realizada o día 26 de decembro de 2011, acordou por unanimidade remitir á Xunta de Goberno Local o seguinte informe-proposta, co seu correspondente acordo, para o seu coñecemento e resolución:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP e PAC).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- En data 23 de outubro de 2011 tivo lugar a realización do primeiro exercicio da oposición de Axudante de Oficios pola quenda libre, consistente en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 30 preguntas, máis 4 reservas, con tres respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo ás bases específicas.

En data 28 de outubro seguinte reuniuse o Órgano de Selección para analizar as múltiples alegacións á plantilla de respostas publicada na web municipal, adoptando acordo no que se desestimaban as relativas ás preguntas números 12, 13, 15, 19, 22, 26 e 27, e anular as preguntas números 9, 11, 14 e 33, substituíndoas polas reservas números 31, 32 e 34.

Na mesma data procedeuse á corrección dos exames e á publicación das cualificacións, concedendo un prazo de tres días para presentar alegacións. Neste prazo foi cando os reclamantes presentaron as súas reclamacións.

En data 9 de novembro reuniuse de novo o Órgano de Selección acordando, entre outras cousas, á vista das novas alegacións presentadas, ratificarse no acordo anterior e analizar as alegacións presentadas contra outras preguntas non alegadas anteriormente, adoptando o acordo de desestimar as alegacións presentadas contra as preguntas números 5, 6, 8, 10, 17, 21, 22, 25 e 34.

Tendo en conta que D. Gonzalo Rodríguez Fernández presentou alegacións ás preguntas números 9, 15 e 33, e D. Manuel Comesaña Araújo ás preguntas números 9, 11 e 15, sobre as que se pronunciou este Órgano de Selección, notificóuselle oportunamente o acordo adoptado.

SEGUNDO.- En datas 9 e 22 de decembro seguinte D. Manuel Comesaña Araújo e D. Gonzalo Rodríguez Fernández, respectivamente, presentaron no Rexistro Xeral do Concello recurso de alzada contra o acordo do Órgano de Selección relativo as devanditas alegacións.

TERCEIRO.- En virtude do disposto no artigo 73 da LRXAP e PAC acórdase a acumulación dos dous procedementos por canto gardan identidade substancial, xa que o que solicitan e unha nova resposta ás súas alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Proceda admitir a trámite o recurso de alzada interposto por canto faise no tempo e na forma establecidos nos arts. 114 e 115 da LRXAP e PAC.

SEGUNDO.- Os recorrentes, no seu escrito, basean o seu recurso en que a notificación do Órgano de Selección contestando ás súas alegacións non dá unha resposta argumentada, razoada ou documentada ás mesmas.

TERCEIRO.- O artigo 107.1 da LRXAP e PAC establece que contra as resolucións e actos de trámite poderá interperse polos interesados o recurso de alzada, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da devandita Lei.

Non alegando os recorrentes ningún dos motivos sinalados nos devanditos artigos, senón os mesmos motivos que xa foron tidos en conta na resolución contra a que recorre, e, en todo caso, un mero xuízo persoal sobre o acordo do Órgano de Selección, manifestamente carente de fundamento, procede desestimar o recurso de alzada interposto contra o acordo do Órgano de Selección, adoptado en sesión de data 9 de novembro de 2011, xa que ningunha das alegacións do reclamante ten virtualidade suficiente para desvirtuar o acordo que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no art. 107.1 do citado texto legal

CUARTO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do recurso de alzada interposto contra o acordo do Órgano de Selección en sesión realizada o día 9 de novembro de 2011.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

ÚNICO: *Desestimar os recursos de alzada interposto por D. Manuel Comesaña Araújo e D. Gonzalo Rodríguez Fernández, contra a resolución do Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas e da proposta de nomeamento como persoal laboral de vinteseite prazas de AXUDANTE DE OFICIOS (22 para quenda libre -1 delas para discapacitados- e 5 para promoción interna), incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, pola que se desestimaban as alegacións presentadas polos recorrentes contra as alegacións presentadas a diferentes preguntas do primeiro exercicio da oposición para as devanditas prazas pola quenda de promoción interna, por canto ningunha das alegacións dos reclamantes ten virtualidade suficiente para desvirtuar o acordo que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no art. 107.1 do citado texto legal."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no anterior informe.

12(23).- RECURSO DE ALZADA DE D. JAVIER CALCERRADA FORNIELES CONTRA PRAZAS AXUDANTE DE OFICIOS (PROMOCIÓN INTERNA) (OEP 2008). EXPTE. 22639/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do secretario do Órgano de Selección para o nomeamento dunha praza de axudante de oficios, de data 22.12.11, que di o seguinte:

"A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 9 de setembro de 2011, adoptou acordo sobre aprobación provisional de admitidos e excluídos, designación de membros dos órganos de selección e determinación de lugares e datas de realización dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, en canto á provisión das prazas de, entre outras, 27 de Axudantes de Oficios (22 para quenda libre -1 delas para discapacitados- e 5 para promoción interna).

En data 19 de outubro de 2011 tivo lugar a segunda proba do proceso selectivo para a quenda de promoción interna, no Parque Central de Santa Cristina de Lavadores, consistente en realizar diversas tarefas de carácter práctico relacionadas coas materias obxecto do temario específico.

En data 24 de outubro seguinte D. Javier Calcerrada Fornieles presentou no Rexistro Xeral do Concello un escrito de alegacións, no que manifestaba o seu desacordo coa puntuación outorgada.

En sesión de data 11 de novembro seguinte o Órgano de Selección acordou desestimar as devanditas alegacións, notificándoselle ao interesado o acordo adoptado.

En data 12 de decembro do ano que andamos, D. Javier Calcerrada Fornieles interpuxo recurso de alzada, no que solicita que sexa anulada a proba práctica realizada o día 19/10/11 e se retrotraia o proceso selectivo ao momento inmediatamente anterior á celebración desta segunda proba.

O artigo 114 da LRXAP e PAC establece que:

"1. As resolucións e actos a que se refire o artigo 107.1, cando no poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou. A estes efectos, os Tribunais e órganos de selección de persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outros que, no seo destas, actúen con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano ao que estean adscritos ou, no seu defecto, do que nomeara ao presidente dos mesmos.

2. O recurso poderá interpoñerse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxera ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e unha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto recorrido será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior."

En consecuencia do anterior, o Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas e da proposta de nomeamento como persoal laboral de 27 prazas de AXUDANTE DE OFICIOS, incluídos na Oferta de Emprego Pública correspondente ao ano 2008, na súa reunión realizada o día 21 de decembro de 2011, acordou por unanimidade remitir á Xunta de Goberno Local o seguinte informe-proposta, co seu correspondente acordo, para o seu coñecemento e resolución:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP e PAC).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- En data 19 de outubro de 2011 tivo lugar a realización do segundo exercicio da oposición de Axudante de Oficios pola quenda de promoción interna, consistente en realizar as tarefas propostas polo Órgano de Selección relacionadas coas materias obxecto do temario específico, e que consistían en:

- 1ª Identificación e sinalización da súa utilidade dunha serie de ferramentas dos distintos oficios.
- 2ª Preparación dunha mestura de pinturas de distintas cores ao obxecto de obter unha cor determinada (ocre).
- 3ª Preparación dunha mestura de morteiro axeitada para o alicatado dun baño, para o que se lle facilitan unha serie de materiais, tendo que utilizar o máis axeitado (cemento-cola) e obter unha mestura dunha consistencia axeitada.

- 4ª *Indicar os pasos para a posta en marcha dunha desbrozadora de man e o seu engraxe, así como indicar o disco axeitado para unha poda de silvas e instalar o mesmo.*
- 5ª *Instalar o pomo dunha porta.*

Unha vez rematado o exercicio procedeuse á avaliación das tarefas por cada membro do Órgano de Selección, excepto o Secretario, resultando que o reclamante foi declarado NON APTO.

SEGUNDO.- En data 24 de outubro seguinte D. Javier Calcerrada Fornieles presentou no Rexistro Xeral do Concello un escrito de alegacións, no que manifestaba o seu desacordo coa puntuación outorgada.

En sesión de data 11 de novembro seguinte o Órgano de Selección acordou desestimar as devanditas alegacións, notificándoselle ao interesado o acordo adoptado.

TERCEIRO.- En data 12/12/11 ten entrada no Rexistro Xeral deste Concello Recurso de Alzada contra o acordo do Órgano de Selección de desestimación das devanditas alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Procedo admitir a trámite o recurso de alzada interposto por canto faise no tempo e na forma establecidos nos arts. 114 e 115 da LRXAP e PAC.

SEGUNDO.- O recorrente, no seu escrito, basea o seu recurso nos mesmos motivos xa alegados no seu anterior escrito de alegacións, a saber:

- *elaboración dunha determinada cor de pintura, alegando que esta non é unha tarefa do axudante de oficios.*
- *manifestar a súa desconformidade coa puntuación obtida no exercicio,*

Motivos que xa foron analizados por este Órgano de Selección á hora de tomar a decisión de desestimar as mesmas.

TERCEIRO.- O artigo 107.1 da LRXAP e PAC establece que contra as resolucións e actos de trámite poderá interperse polos interesados o recurso de alzada, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da devandita Lei.

Non alegando o recorrente ningún dos motivos sinalados nos devanditos artigos, senón os mesmos motivos que xa foron tidos en conta na resolución contra a que recorre, procede desestimar o recurso de alzada interposto contra o acordo do Órgano de Selección, adoptado en sesión de data 11/11/11, xa que ningunha das alegacións do reclamante ten virtualidade suficiente para desvirtuar o acordo que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no art. 107.1 do citado texto legal

CUARTO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do recurso de alzada interposto contra o acordo do Órgano de Selección en sesión realizada o día 11 de novembro de 2011.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

ÚNICO: Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Javier Calcerrada Fornieles, contra a resolución do Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas e da proposta de nomeamento como persoal laboral de vinte e sete prazas de AXUDANTE DE OFICIOS (22 para quenda libre -1 delas para discapacitados- e 5 para promoción interna), incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, pola que se desestimaban as alegacións presentadas polo recorrente contra as cualificacións que lle foron outorgadas no segundo exercicio do concurso-oposición para as devanditas prazas pola quenda de promoción interna, por canto ningunha das alegacións do reclamante ten virtualidade suficiente para desvirtuar o acordo que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no art. 107.1 do citado texto legal."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no anterior informe.

13(24).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN RELATIVA A XUBILACIÓN ANTICIPADA DO BOMBEIRO D. JUAN JOSÉ SÁNCHEZ FERNÁNDEZ. EXPTE. 22598/220.

Con data 29 de decembro de 2011, a xefa do Servizo de Recursos Humanos formula o seguinte informe-proposta:

"A medio de instancia de data 05 de decembro de 2011, D. Juan José Sánchez Fernández, con núm. de persoal 10783 e DNI núm.: 35995984H, solicita a xubilación anticipada con efectos de 25/01/2012 e o aboamento da indemnización establecida no acordo regulador das condicións de traballo do Concello de Vigo.

O Sr. Sánchez Fernández é funcionario de carreira, con praza e posto de traballo de Bombeiro (C2) e ten recoñecida unha antigüidade laboral dende o 1 de setembro de 1976.

En relación co solicitado polo interesado, o art. 67.2 do Capítulo II da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público establece que "Procederá a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidas no Réxime Xeral da Seguridade Social que lle sexa aplicable".

Así mesmo, o art. 161 bis.1 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, incorporado pola Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social, prevé que a idade mínima de 65 anos esixida para ter dereito a pensión de xubilación no Réxime Xeral da Seguridade Social poderá ser rebaxada por real decreto, a proposta do Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, naqueles grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre e acusen elevados índices de

morbilidade ou mortalidade, sempre que os traballadores afectados acrediten na respectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se estableza.

Dos estudos levados a cabo co colectivo de bombeiros, despréndese que existen índices de perigosidade e penosidade no desenvolvemento da súa actividade e que os requirimentos psicofísicos que se esixen para o seu ingreso no colectivo e o desenvolvemento da actividade non poden facerse a partir dunhas determinadas idades, cumpríndose deste xeito os requirimentos esixidos na lexislación para a redución da idade de acceso á xubilación, como consecuencia da realización de traballos de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre.

En consecuencia do anterior o RD 383/2008, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos bombeiros ao servizo das administracións e organismos públicos (BOE núm. 81 do 3 de abril de 2008) dispón no seu art. 1º que “Poderá recoñecerse pensión de xubilación con menos de 65 anos de idade aos traballadores por conta allea e empregados públicos, incluídos no Réxime Xeral da Seguridade Social, que presten servizos como bombeiros, nas súas diferentes escalas, categoría ou especialidades, en corporacións locais, en comunidades autónomas, ...”

No seu artigo 2º establécese: “A idade ordinaria de 65 anos esixida para o acceso á pensión de xubilación reducirase nun período equivalente ao que resulte de aplicar aos anos completos efectivamente traballados como bombeiro o coeficiente redutor do 0,20.

A aplicación da redución da idade de xubilación en ningún caso dará ocasión a que o interesado poida acceder á pensión de xubilación cunha idade inferior aos 60 anos, ou á de 59 nos supostos en que se acrediten 35 ou máis anos de cotización efectiva, sen cómputo da parte proporcional correspondente por pagas extraordinarias, polo exercicio da actividade de bombeiro.

Para ao cómputo do tempo efectivamente traballado, descontaranse todas as faltas ao traballo, agás as seguintes:

- As que teñan con motivo de baixa médica por enfermidade común ou profesional ou accidente, sexa ou non de traballo.*
- As que teñan por motivo a suspensión do contrato de traballo por maternidade, paternidade, adopción, acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactancia natural.*
- As autorizadas nas correspondentes disposicións laborais con dereito a retribución.”*

Así mesmo, solicita o interesado a percepción da indemnización que se recolle no art. 33 do vixente acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Vigo, por ter no momento da súa xubilación voluntaria os 60 anos de idade, por un importe de 9.015,18 €.

Polo exposto, previo o preceptivo informe de fiscalización pola Intervención Xeral e de conformidade co disposto nos artigos 214 e 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e correspondentes bases de execución dos presupostos para o exercicio económico 2011, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Acordar, de conformidade co disposto no Real Decreto 383/2008, do 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación a favor dos bombeiros, nas súas diferentes escalas, categoría ou especialidades ao servizo das administracións e organismos públicos, a xubilación anticipada e voluntaria do funcionario de carreira D. Juan José Sánchez Fernández (núm. persoal 10783), coa categoría profesional de Bombeiro, con efectos dende o día 25 de xaneiro de 2012.

Segundo.- Dispoñer o aboamento a D. Juan José Sánchez Fernández (núm. persoal 10783) da cantidade de 9.015,18€ en concepto de indemnización por xubilación anticipada, en execución do disposto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do concello de Vigo.”

Terceiro.- Dar conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e ratificación se procede.”

Visto o anterior, na mesma data do 29 de decembro o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal ditou a seguinte resolución:

“Resolvo de conformidade coa proposta que antecede, trala correspondente fiscalización e consignación orzamentaria pola Intervención Xeral con cargo á partida 313.1.16104 para facer fronte ao gasto de 9.015,18 €.

A presente resolución notifíquese ao interesado, Intervención Xeral Municipal, Recursos Humanos (Planificación e Organización, Seguridade Social), Comité de Persoal e déase conta á Xunta de Goberno Local.”

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento de todo o anterior.

14(25).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE ABSOLUTA DO POLICÍA LOCAL D. CAMILO CAMPOS SUEIRO. EXPTE. 22637/220.

Con data 29 de decembro de 2011, a xefa do Servizo de Recursos Humanos formula o seguinte informe-proposta:

“1.- En escrito de data 30/11/2011, o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) notificou ao Concello de Vigo Resolución administrativa de data 28/11/2011, acordando:

“Se informa que en el expediente tramitado por esta Entidad, a nombre del trabajador/a cuyos datos constan en la referencia de este escrito, ha recaído resolución de fecha 28/11/2011 por la que se reconoce con efectos económicos de 24/11/2011 la prestación de incapacidad permanente en el grado de absoluta.

Fecha a partir de la cual se puede instar la revisión por agravación o mejoría: 15/11/2012.

Se prevé que la situación de incapacidad vaya a ser objeto de revisión por mejora, que permita la reincorporación al puesto de trabajo antes de dos años. (artículo 48.2 de la Ley del Estatuto de los trabajadores. BOE 29/03/1995)."

2.- *Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, D. CAMILO CAMPOS SUEIRO ten a condición de empregado público municipal, con nº de persoal 14887, con posto de traballo de POLICÍA LOCAL (PTO. 126, Oficial Policía Local), grupo C1, adscrito ao Servizo de POLICÍA LOCAL.*

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- *A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra c) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "...pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta, ou incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala".*

Non conténdose previsión específica para o persoal laboral, lémbrese que resulta de aplicación no non previsto no EBEP o réxime xurídico establecido pola lexislación sectorial laboral (incluíndo os instrumentos convencionais froito da negociación colectiva); sen embargo, a falta de regulación expresa na referida normativa e no vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, así como a coherencia na xestión do persoal ao servizo do Concello de Vigo e no réxime de incidencias e situacións de carácter xurídico e administrativo, estímase procedente efectuar unha aplicación analóxica do marco normativo legalmente configurado polo EBEP, en tanto que constitúe o núcleo esencial do Dereito Administrativo do Emprego Público e norma de carácter básico estatal ao abeiro do establecido no artigo 1, en relación co previsto nos artigos 2 e 7 da mesma norma, polo que respecta ao réxime de xubilación e conseguinte rehabilitación por incapacidade contemplado na mesma, que atopa amparo legal fundamentalmente no artigo 4.1 do vixente Código Civil e 7 do EBEP, e que en igual senso interpreta a doutrina xurídica administrativa especializada (vid. SEQUEIRA DE FUENTES, M. e outros, en "Memento práctico Empregado Público, 2010-2011. Editorial F. Lefebvre, S.A. ISBN 978-84-92612-85-7).

II.- *Igualmente, o artigo 68 contempla a posibilidade de rehabilitación para estes supostos, contemplando que "...no caso de extinción da relación de servizos, como consecuencia da perda da nacionalidade ou xubilación por incapacidade permanente para o servizo, o interesado, unha vez desaparecida a causa obxectiva que a motivou, poderá solicitar a rehabilitación da súa condición de funcionario, que lle será concedida."*

III.- *En consecuencia, procederá que polo órgano competente para a declaración da situacións administrativas e xestión económica e administrativa do persoal municipal se declare a xubilación do Sr. D. CAMILO CAMPOS SUEIRO, que en todo caso será susceptible de rehabilitación nos termos dos preceptos legais indicados no fundamento xurídico II do presente informe; competencia que o artigo 127.1.g) e h) atribúe á Xunta de Goberno Local, e cuxa proposta se debe elevar ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño do 2011, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4).*

IV.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime de competencia exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Declarar a xubilación por recoñecemento de incapacidade permanente no grao de absoluta do funcionario municipal D. CAMILO CAMPOS SUEIRO, con nº de persoal 14887, con posto de traballo de Policía Local (PTO. 126-Oficial Policía Local), grupo C1, adscrito ao Servizo de Policía local, en aplicación do previsto no artigo 67.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación, e de conformidade coa Resolución do INSS de data 28/11/2011, sen que tal declaración afecte á obriga legal de reserva do posto de traballo nos termos do esixido pola resolución administrativa declaratoria da situación de incapacidade, ao abeiro da lexislación vixente en materia de Seguridade Social.

Segundo.- Informar ao efectivo afectado que, unha vez desaparecida a causa obxectiva motivadora da declaración de xubilación por incapacidade, poderá solicitar a rehabilitación da súa condición de funcionario, que lle será concedida a petición propia nos termos do disposto no artigo 68 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Por decreto da mesma data do 29 de decembro, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolveu de conformidade co anterior informe-proposta.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento de todo o anterior.

15(26).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO POLICÍA LOCAL D. FRANCISCO HUERTAS PÉREZ. EXPTE. 22652/220.

Con data 29 de decembro de 2011, a xefa do Servizo de Recursos Humanos formula o seguinte informe-proposta:

“1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, D. FRANCISCO HUERTAS PÉREZ (nº de persoal 12279), DNI 35763538X e data de nacemento 17/01/1947, ten a condición de funcionario de carreira, con praza e posto de Policía (posto. 134), adscrito ao Servizo da Policía Local.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida".

II.- Igualmente, o artigo 67, apartado 3, establece que "A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Así mesmo, a Lei de Coordinación de Policía Local de Galicia, establece no seu art. 61, que a xubilación forzosa dos membros dos corpos da Policía Local de Galicia declararase de oficio ao cumprir o funcionario os 65 anos de idade.

III.- En consecuencia, procederá que polo órgano competente para a declaración das situacións administrativas e xestión económica e administrativa do persoal municipal se declare a xubilación de D. FRANCISCO HUERTAS con data de efectos 17/01/2012 e cuxa proposta se debe elevar ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no acordo da Xunta de Goberno Local do 17 de xuño do 2011, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4).

IV.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime de competencia exposto, propónse ao Sr. Concelleiro-Delegado a seguinte RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Declarar a xubilación forzosa do funcionario municipal D. FRANCISCO HUERTAS PÉREZ (nº de persoal 12279, DNI 35763538X) con data de efectos 17/01/2011, con posto de traballo de Policía (posto. 134), grupo Cº C1, adscrito ao Servizo da Policía Local, en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, art. 61 da Lei de Coordinación de Policía Local de Galicia e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Terceiro.- Da presente resolución notifíquese ao interesado, Intervención Xeral Municipal, Recursos Humanos (Planificación e Organización, Seguridade Social), Comité de Persoal e déase conta á Xunta de Goberno Local."

Por decreto da mesma data do 29 de decembro, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolveu de conformidade co anterior informe-proposta.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento de todo o anterior.

16(27).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DUN INSPECTOR AUXILIAR DE MEDIO AMBIENTE CON CARGO A PRAZA VACANTE INCLUÍDA NA OEP 2008. EXPTE. 22695/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do técnico de organización e planificación de RRHH, de data 10.01.12, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionario de carreira, con cargo á praza vacante de Inspector Auxiliar de Medio Ambiente, ao seguinte aspirante proposto polo órgano de selección, que superou todos os exercicios da oposición e obtivo a máxima cualificación -21,02 puntos-, D. LUÍS DE LA SANTÍSIMA TRINIDAD PÉREZ MONTES, con DNI nº 36.162.684-Z.

O presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende a notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese ao interesado, Intervención Xeral, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación de RR.HH.), xefe/a do Servizo de Medio Ambiente e Comité de Persoal.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de UN MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de DOUS MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

17(28).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA CON CARGO A PRAZA VACANTE DE OFICIAL SEPULTUREIRO/A, INCLUÍDA NA OEP 2008. EXPTE. 22694/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do técnico de organización e planificación de RRHH, de data 10.01.12, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar a contratación en réxime laboral fixo con cargo a unha praza vacante de oficial sepultureira á seguinte aspirante que superou todos os exercicios e obtivo a máxima puntuación nas probas selectivas de que constou esta oposición,

segundo proposta do órgano de selección contida na acta de 21 de outubro de 2011:

- D^a. M^a. CONCEPCIÓN COUSIÑO SENDÍN , NIF 36.094.387-G, que obtivo un total de 18,814 puntos.

A aspirante nomeada deberá ser contratada en réxime laboral fixa no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo.

Segundo.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do contrato de traballo coa interesada de acordo co establecido no RDL 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, con carácter fixo e en réxime de dedicación exclusiva a tempo completo.

Terceiro.- O presente acordo notifíquese a interesada, Servizo de Recursos Humanos, (Organización e Planificación de RR.HH.), Xefa do Negociado de Cemiterios, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Cuarto.- Unha vez sexa formalizada dita contratación, deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no real Decreto Lexislativo 2/2005, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

18(29).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE OFICIAL CONDUTOR, INCLUÍDAS NA OEP 2008. EXPTE. 22692/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do técnico de organización e planificación de RRHH, de data 10.01.12, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar a contratación en réxime laboral fixo con cargo a seis prazas vacantes de oficial condutor aos seguintes aspirantes que superaron todos os exercicios e obtiveron as máximas puntuacións nas probas selectivas de que

constou esta oposición, segundo proposta do órgano de selección contida na acta de 3 de novembro de 2011:

- D. JESÚS CARBALLO MAGARIÑOS, DNI nº 76.819.393-Z, que obtivo un total de 20,282 puntos.
- D. MANUEL ALONSO LÓPEZ RODRÍGUEZ, DNI nº 36.049.331-M, que obtivo un total de 19,330 puntos.
- D. DAVID GRAÑA FEIJÓO, DNI nº 77.409.744-R, que obtivo un total de 18,850 puntos.
- D. JOSÉ LUÍS OJEA DOMÍNGUEZ, DNI nº 36.050.799-R, que obtivo un total de 18,339 puntos.
- D. AVELINO TRONCOSO MARTÍNEZ, DNI nº 36.039.254-W, que obtivo un total de 18,275 puntos.
- D. ANGEL ALONSO GONZÁLEZ, DNI nº 36.007.420-T, que obtivo un total de 17,775 puntos.

Os aspirantes nomeados deberán ser contratados en réxime laboral fixo no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo.

Segundo.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do contrato de traballo cos interesados de acordo co establecido no RDL 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, con carácter fixo e en réxime de dedicación exclusiva a tempo completo.

Terceiro.- O presente acordo notifíquese aos interesados, Servizo de Recursos Humanos, (Organización e Planificación de RR.HH.), Xefe do Parque Móbil, Xefe da Area de Servizos Xerais, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Cuarto.- Unha vez sexan formalizadas ditas contratacións, deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia”.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no real Decreto Legislativo 2/2005, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

19(30).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE OFICIAL PAVIMENTADOR, INCLUÍDAS NA OEP 2008. EXPTE. 22691/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do técnico de organización e planificación de RRHH, de data 10.01.12, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar a contratación en réxime laboral fixo con cargo a dúas prazas vacantes de oficial pavimentador/a aos seguintes aspirantes que superaron todos os exercicios e obtiveron as máximas puntuacións nas probas selectivas de que constou esta oposición, segundo proposta do órgano de selección contida na acta do 27 de outubro de 2011:

- D. JOSE MANUEL MARTÍNEZ BARREIRO, NIF 36.065.902-Q, que obtivo un total de 19,242 puntos.
- D. DELIO GONZÁLEZ BARROS, NIF 34.876.398-A, que obtivo un total de 16,046 puntos.

Os aspirantes nomeados deberán ser contratados en réxime laboral fixo no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo.

Segundo.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do contrato de traballo cos interesados de acordo co establecido no RDL 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, con carácter fixo e en réxime de dedicación exclusiva a tempo completo.

Terceiro.- O presente acordo notifíquese aos interesados, Servizo de Recursos Humanos, (Organización e Planificación de RR.HH.), Xefe do Servizo de Vías e Obras, Xefe da Area de Servizos Xerais, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Cuarto.- Unha vez sexan formalizadas ditas contratacións, deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia”.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de DOU MESES contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no real Decreto Lexislativo 2/2005, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

20(31).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE OFICIAL ELECTRICISTA, (UNHA P.I. E UNHA QUENDA LIBRE) INCLUÍDAS NA OEP 2008. EXPTE. 22688/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do técnico de organización e planificación de RRHH, de data 10.01.12, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar a contratación en réxime laboral fixo con cargo a dúas prazas vacantes de oficial electricista aos seguintes aspirantes que superaron todos os exercicios e obtiveron as máximas puntuacións nas probas selectivas de que constou esta oposición, segundo propostas do órgano de selección contidas nas actas do 21 de outubro e 29 de novembro de 2011:

- D. EDUARDO RODRÍGUEZ BOENTE, DNI nº 53.196.731-P (quenda de promoción interna), que obtivo un total de 17,500 puntos.
- D. JULIO CORES COBAS, DNI nº 36.067.229-D (quenda libre), que obtivo un total de 17,625 puntos.

No que respecta a D. Eduardo Rodríguez Boente, toda vez que non obtivo unha puntuación mínima dun punto na proba de idioma oficial da Comunidade Autónoma -galego-, deberá participar no primeiro curso de lingua galega que realice a Administración Autonómica co fin de obter a debida capacitación, de conformidade coas bases xerais que rexen a convocatoria e a proposta do Órgano de Selección de data 21 de outubro de 2011.

Os aspirantes nomeados deberán ser contratados en réxime laboral fixo no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo.

Segundo.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do contrato de traballo cos interesados de acordo co establecido no RDL 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, con carácter fixo e en réxime de dedicación exclusiva a tempo completo.

Terceiro.- O presente acordo notifíquese os interesados, Servizo de Recursos Humanos, (Organización e Planificación de RR.HH.), Xefe dos Servizos Electromecánicos, Xefe da Área de Servizos Xerais, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Cuarto.- Unha vez sexan formalizadas ditas contratacións, deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-

Administrativo de Vigo, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no real Decreto Lexislativo 2/2005, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

21(32).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DUN OPERADOR DE INFORMÁTICA CON CARGO A PRAZA VACANTE INCLUÍDA NA OEP 2008. EXPTE. 22693/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do técnico de organización e planificación de RRHH, de data 10.01.12, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionario de carreira, con cargo á praza vacante de Operador de Informática, ao seguinte aspirante proposto polo órgano de selección, que superou todos os exercicios da oposición e obtivo a máxima cualificación -18,33 puntos-, D. FRANCISCO MANUEL ESPIÑEIRA ÁLVAREZ, con DNI nº 42.829.873-D.

O presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende a notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese ao interesado, Intervención Xeral, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación de RRHH), xefe/a do Servizo de Administración Electrónica e, Comité de Persoal.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de DOUS MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

22(33).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE TRES TÉCNICOS AUXILIARES DE SEGURIDADE (P.I.) CON CARGO A PRAZA VACANTE INCLUÍDA NA OEP 2008. EXPTE. 22690/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do técnico de organización e planificación de RRHH, de data 10.01.12, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionarios de carreira, con cargo a prazas vacantes de Técnico Auxiliar de Seguridade, aos seguintes aspirantes presentados e propostos polo órgano de selección, que superaron todos os exercicios da oposición e obtiveron as máximas cualificacións nas probas selectivas de que constou este concurso-oposición:

- D. JOSÉ RAMÓN ALONSO GONZÁLEZ, con DNI 36.026,001-C, cunha puntuación de 21,74 puntos.
- D. JOSÉ VILA ALONSO, con DNI nº 36.018.466-Y, cunha puntuación de 20,49 puntos.
- D. JUAN JESÚS GARCÍA ALFONSO, DNI 36.010.901-P, cunha puntuación de 19,87 puntos.

No que respecta a D. Juan Jesús García Alfonso, toda vez que non obtivo unha puntuación mínima dun punto na proba de idioma oficial da Comunidade Autónoma -galego-, deberá participar no primeiro curso de lingua galega que realice a Administración Autonómica co fin de obter a debida capacitación, de conformidade coas bases xerais que rexen a convocatoria e a proposta do Órgano de Selección de data 17 de outubro de 2011.

Os presentes nomeamentos unicamente terán efectos coa formalización da toma de posesión como funcionarios de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende a notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuadas, no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese aos interesados, Intervención Xeral, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación de RRHH), xefe/a da Área de Mobilidade e Seguridade e, Comité de Persoal.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de DOUS MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

23(34).- PROPOSTA NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE CATORCE ADMINISTRATIVOS DE ADMÓN. XERAL (P.I.) CON CARGO A PRAZAS VACANTES INCLUÍDA NA OEP 2008. EXPTE. 22689/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, de data 10.01.12, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Alzar a suspensión acordada como medida cautelar por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2011, no procedemento de selección para a provisión de catorce prazas de administrativo/a de Administración Xeral por promoción interna, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008.

Segundo.- Nomear funcionarios/as de carreira, con cargo á prazas vacantes de administrativos/as de Administración Xeral, ás/lós seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección, que superaron todos os exercicios do concurso-oposición, pola quenda de promoción interna e obtiveron as máximas cualificacións nas probas selectivas de que constou este concurso-oposición:

- D^a. ROSA M^a. SANCECILIO VIÉITEZ, con DNI nº 36.053.090-S, cunha puntuación de 36,87 puntos.
- D^a. MÓNICA FREIRE MIGUÉNS, con DNI nº 36.137.586-D, cunha puntuación de 36,45 puntos.
- D^a. ROSA M^a.OTERO MALVÁREZ, con DNI nº 76.965.736-P, cunha puntuación de 33,02 puntos.
- D^a. RAQUEL ABALDE COMESAÑA, con DNI nº 36.088.474-W, cunha puntuación de 31,45 puntos.
- D. MANUEL IGLESIAS IGLESIAS, con DNI nº 34.920.740-R, cunha puntuación de 30,23 puntos.
- D^a. M^a. CRISTINA COSTAS ARAN, con DNI nº 36.077.086-E, cunha puntuación de 30,07 puntos.
- D^a ANA ISABEL FONTÁN RIVEIRO, con DNI nº 36.122.975-A, cunha puntuación de 29,17 puntos.
- D^a ANA MARÍA I. LOBATO CAMESELLE, con DNI nº 35.977.203-M, cunha puntuación de 28,75 puntos.
- D. JOSÉ MARÍA RAPOSO AGUIAR, con DNI nº 36.042.125-K, cunha puntuación de 28,75 puntos.
- D^a MIRTHA SUSANA CABALEIRO BESADA, con DNI nº 36.012.547-K, cunha puntuación de 28,50 puntos.
- D^a MARÍA RITA RIELO FRANCO, con DNI nº 36.067.074-S, cunha puntuación de 28,43 puntos.
- D^a CAROLINA VICENTE RODRÍGUEZ, con DNI nº 36.080.915-X, cunha puntuación de 28,22 puntos.
- D. ODILO MOSQUERA CARBALLO, con DNI nº 34.980.777-P, cunha puntuación de 28,22 puntos.

RESERVA DISCAPACITADOS:

- D^a M^a. DEL ROCÍO BRUZÓN ALCAÑIZ, con DNI nº 36.058.643-W, cunha puntuación de 23,35 puntos.

Os presentes nomeamentos unicamente terán efectos coa formalización da toma de posesión como funcionarios/as de carreira, que deberán realizarse no prazo de 1 mes a contar dende a notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuadas, no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro.- O presente acordo notifíquese aos/as interesados/as, Intervención Xeral, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación de RR.HH.), xefes/as dos Servizos e Áreas respectivas e Comité de Persoal.

Cuarto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de UN MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de DOUS MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.”

24(35).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE CINCO AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL (P.I.) CON CARGO A PRAZAS VACANTES INCLUÍDAS NA OEP 2008. EXPTE. 22687/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do técnico de organización e planificación de RRHH, de data 10.01.12, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionarios/as de carreira, con cargo á prazas vacantes de Auxiliar de Administración Xeral, ás/ós seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección, que superaron todos os exercicios do concurso-oposición, pola quenda de promoción interna e obtiveron as máximas cualificacións nas probas selectivas de que constou este concurso-oposición:

Os presentes nomeamentos unicamente terán efectos coa formalización da toma de posesión como funcionarios/as de carreira, que deberán realizarse no prazo dun mes a contar dende a notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuadas, no Diario Oficial de Galicia.

- D^a M^a. LAURA ESCUDERO MARTÍNEZ, con DNI nº 36.109.223-M, cunha puntuación de 34,600 puntos.
- D^a PATRICIA CID MOUTEIRA, con DNI nº 36.132.072-S, cunha puntuación de 34,387 puntos.
- D^a MARTA GONZÁLEZ TORRES, con DNI nº 44.082.170-W, cunha puntuación de 31,544 puntos.
- D. XOSÉ LOIS ROMERO FALQUE, con DNI nº 36.029.647-D, cunha puntuación de 31,194 puntos.
- D. FRANCISCO JOSÉ ESCUDERO GONZÁLEZ, con DNI nº 53.179.670-J, cunha puntuación de 31,125 puntos.

Terceiro.- O presente acordo notifíquese aos/as interesados/as, Intervención Xeral, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación de RRHH), xefes/as dos Servizos e Areas respectivas e, Comité de Persoal.

Cuarto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de DOUS MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral”

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

25(36).- RECTIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN DAS ANUALIDADES EN RELACIÓN AO PREZO DE ADXUDICACIÓN DOS PROXECTOS DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS RAMÓN NIETO, FASE II, RÚA BRASIL E DA RÚA MENÉNDEZ PELAYO. EXPTE. 1241/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Vistas as propostas de adxudicación da mesa de contratación para as obras de referencia, e tendo en conta as propostas emitidas por este servizo en data 26 de decembro pasado sobre a necesidade do axuste das anualidades, en relación ás baixas ofertadas polas empresas adxudicatarias, conteñen unha errata na suma da distribución das anualidades,

proponse á Xunta de Goberno Local a rectificación das mesmas de acordo cos seguintes datos:

1062/440	Humanización rúa Ramón Nieto. Fase II	licitación	1.500.000,00 €
		adxudicación	1.350.000,24 €

Nova distribución de anualidades:

	2011	2012	2013
<i>Inicial</i>	187.394,96 €	1.312.605,04 €	- €
<i>Proposta</i>	187.394,96 €	1.162.605,28 €	- €

1063/440	Humanización da rúa Brasil. 1ª Fase	licitación	2.100.000,00 €
		adxudicación	1.890.000,10 €

Nova distribución de anualidades:

	2011	2012	2013
<i>Inicial</i>	82.352,94 €	1.167.647,06 €	850.000,00 €
<i>Proposta</i>	82.352,94 €	957.647,16 €	850.000,00 €

1077/440	Humanización rúa Menéndez Pelayo. 1ª Fase	licitación	2.475.000,00 €
		adxudicación	2.227.500,01 €

Nova distribución de anualidades:

	2011	2012	2013
<i>Inicial</i>	138.981,60 €	1.161.018,40 €	1.175.000,00 €
<i>Proposta</i>	138.981,60 €	913.518,41 €	1.175.000,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a rectificación dos acordos de adxudicación dos proxectos de Humanización da rúa Ramón Nieto, fase II (expte. 1062/440), rúa Brasil (1063/440) e da rúa Menéndez Pelayo (Expte. 1077/440), de conformidade coas cantidades contidas na proposta precedente.

26(37).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 301/2011 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DOS DE VIGO, NO PROCEDIMENTO 77/2011, SOBRE RECOÑECIMENTO DE CANTIAGES A D^a. SUSANA GONZÁLEZ TORRES E D^a. MÓNICA LÓPEZ-CORONADO CARNERO. EXPTE. 22558/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Recursos Humanos, do 28.11.11, conformado pola xefa do

Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza nº 462/2011 e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 301/2011 do Xulgado do Social Nº 3 dos de Vigo, no procedemento 77/2011, sobre recoñecemento de cantidades, nos autos seguidos a instancia de D^a Susana González Torres e D^a Mónica López-Coronado Carnero, por importe de 1104,00 €.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora D^a Susana González Torres, con DNI 36090213-Q (2.98 €) e IRPF (8.57 €) e soamente o importe correspondente a IRPF (131.59 €) no caso de D^a Mónica López-Coronado Carnero, con DNI 36071855-N, por estar en toques de cotización, efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 64 0301 11 (558,41 € correspondientes a D^a Mónica López-Coronado Carnero, 185.04 € correspondentes a D^a Susana González Torres e 184,00 € correspondentes a intereses provisionais).

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa de D^a Susana González Torres.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Comisión do Fondo Social, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

27(38).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.